

# RESUMMO

## Plan de Adaptación COVID

CEIP San Miguel de Reinante Barreiros  
2021/2022

---

# PRINCIPIOS BÁSICOS DE PREVENCIÓN



- Limitación de contactos, formando grupos estables de convivencia.
- Hixiene de mans e hixiene respiratoria co uso de máscaras.
- Ventilación frecuente e limpeza do centro.
- Xestión axeitada e precoz ante a posible aparición dun caso.



# EQUIPO COVID-19

- FRAN VIDAL VILLAMEITIDE (Coordinador)
- PATRICIA MUIÑA VEIGA
- ROSALÍA CURRÁS DÍAZ




# 1ª MEDIDA

ENQUISA CLÍNICO-EPIDEMIOLÓXICA: ANTES DE ACUDIR Ó CENTRO

| <i>Presentou nos últimos días?</i> |                          | <i>SI</i> | <i>NON</i> |
|------------------------------------|--------------------------|-----------|------------|
| <b>Síntomas respiratorios</b>      | Febre maior de 37,5°C    |           |            |
|                                    | Tose seca                |           |            |
|                                    | Dificultade respiratoria |           |            |
| <b>Outros síntomas</b>             | Fatiga severa (cansazo)  |           |            |
|                                    | Dor muscular             |           |            |
|                                    | Falta de olfacto         |           |            |
|                                    | Falta de gusto           |           |            |
|                                    | Diarrea                  |           |            |

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

|                                      |                                     | <i>SI</i> | <i>NON</i> |
|--------------------------------------|-------------------------------------|-----------|------------|
| <i>CONVIVIU nos últimos 10 días?</i> | cunha persoa Covid-19 + confirmado? |           |            |



É MOI IMPORTANTE QUE NON ENVIEMOS  
AOS NENOS CON FEBRE NIN CON OUTRO  
MEDICAMENTO CA ENMASCARE

Con 37,5° debemos activar o protocolo COVID

As familias deben tomar a temperatura todos os días antes de vir ó centro



# GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA



CADA GRUPO/CURSO PERTENCERÁ A UNHA UNIDADE DE CONVIVENCIA ILLADA DO RESTO AO LONGO DA XORNADA ESCOLAR.



A MÁSCARA É OBRIGATORIA NA ED. PRIMARIA. TAMÉN O É UNHA 2ª DE REPOSTO E UN SOBRE OU ESTOXO PARA GARDALAS.



A DISTANCIA MÍNIMA RECOMENDADA ENTRE O ALUMNADO SERÁ DE 1,5 MTS.



EN ED. INFANTIL, SE É POSIBLE UTILIZARASE A MÁSCARA, AINDA QUE NON É OBRIGATORIA, SI RECOMENDABLE.

# MEDIDAS PARA OS GRUPOS DE CONVIVENCIA

MOI IMPORTANTES E DE OBRIGADO CUMPRIMENTO



- Hixiénticas; llavado de mans 5 veces ao día, sempre que se entre e saia da aula, e cando se entre e saia no comedor.
- Só poderán ir de un en un ao baño.
- As aulas ventilaranse, como mínimo, 15min. antes do comezo, durante o recreo, 15 min ao rematar e sempre que haxa cambio de clase, 2/3 min. cada 15/20 min.
- O material non se pode compartir con outr@s compañeir@s.
- A roupa de abrigo deixarase sempre nos mesmos percheiros de xeito individual

# ENTRADAS E SAÍDAS

A dirección do centro determinará o número de profesores/as suficientes para ordenar as saídas e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto.

## NORMAS

- Manter a distancia de seguridade nos desprazamentos.
- Usar a máscara.
- Desinfectar as mans a entrada e á saída do centro.
- Permanecer nos espazos establecidos.
- Máxima puntualidade.

## ED INFANTIL, 1º, 2º, 3º e 4º NON TRANSPORTADOS

Entrarán pola cancela principal entre as 9:20h/ 9:30h.

Deberán dirixirse á súa aula de un en un como se dun goteo continuo se tratase, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 mts.

## 5º E 6º DE E.P.

## NON TRANSPORTADOS

Entrarán pola porta traseira do pavillón polideportivo (A DO CAMIÑO TRASEIRO).

Dirixiranse á súa aula no edificio correspondente mantendo a distancia de seguridade de 1,5 mts.

## IMPORTANTE!!!!!!

PREFERIBLEMENTE NON HABERÁ REUNIÓNS EXPONTÁNEAS DE NAIS/PAIS NA PORTA OU NAS INMEDIACIÓNS DO RECINTO ESCOLAR

## TRANSPORTADOS

**Chegarán coa máxima puntualidade. Entrarán pola cancela principal de un en un e mantendo a distancia de seguridade de 1,5 mts.**



- Está totalmente prohibido o acceso ó centro para as familias agás para trámites administrativos, sempre e cando sexa algo **URXENTE**, nos demais casos pedirase cita previa (Mantendo as medidas de hixiene e distanciamento social).
- As familias tampouco poderán entrar ó patio no tempo de recepción do alumnado, só poderán entrar para xestionar asuntos **importantes/urxentes** que non se poidan resolver noutro momento mediante cita previa.
- No nivel de ensino de 4º de Ed. infantil (3 anos) o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun **único** familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada a aula. Os acompañantes deberán usar máscara. Permitirase o acompañamento ao resto de alumnado da etapa de Educación Infantil en casos puntuais.



# TRANSPORTE ESCOLAR


- Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara (ALUMNADO DE ED. INFANTIL INCLUIDO)
- Cada nen@ irá sempre nun mesmo asiento.

## 1 ÚNICA QUENDA

De 14:30 a 15:15 o xantar  
De 15:15 a 15:45 o tempo de lecer

**Quen queira poderá recoller @s fill@s a partir das 15:00h**

- O alumnado sentarase agrupado por aulas (mantendo o grupo estable de convivencia) e sempre ocupando o mesmo posto.
- Entrarán de un en un acompañados pola correspondente coidadora de comedor.



## RECREOS EN GRUPOS DE CONVIVENCIA

- Estableceranse dúas quendas e soamente poderán estar nunha zona determinada co seu grupo estable:
  - 1ª quenda: E.I. e 1º de EP de 12:00 a 12:30
  - 2ª quenda: 2º, 3º, 4º, 5º e 6º E.P. de 12:30 a 13:00
- Usarán máscara en todo momento (agás infantil) e procurarán manter a distancia de 1,5 m.
- Queda prohibido traer pelotas, xoguetes... de fóra do centro para evitar a transferencia do virus.
- Desinfectaranse as mans na entrada e na saída.
- As merendas tomaranse na aula.



# OUTROS ESPAZOS DO CENTRO

## ESPECIALIDADES

O alumnado poderá saír da súa aula para as especialidades.  
Extremaranse as medidas de limpeza.

## EDUCACIÓN FÍSICA

Preferiblemente realizarase ao aire libre.  
Ata novo aviso non se traerá roupa de recambio.

## INSTALACIÓNS COMÚNS

Soamente poderá estar un grupo estable de convivencia.

## BIBLIOTECA

Ata novo aviso, só funcionará para o servircio de préstamos.  
Permanecerá pechada durante o recreo.

# MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO

SETEMBRO

## AULA VIRTUAL



No mes de setembro as titoras facilitarán ao alumnado a inscrición e a matrícula na aula virtual do centro.

## TECNOLOXÍA



As titoras identificarán ao alumnado que non dispoña dos medios para realizar este tipo de educación a distancia.

3º,4º,5º E 6º EP

Empregarán a aula virtual da páxina web do centro, creando un curso específico para cada aula.

E.I., 1º E 2º EP

Empregaranse os blogues de aula. A comunicación será a través dos correos electrónicos, teléfono ou videoconferencia.

## Promoción da saúde

Realizaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19 para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa

## *Aplicación ABALAR*

Comunicacións do centro.  
Solicitar titorías.  
Información da aula.  
Faltas e boletíns de notas.



## *Titoría*

Preferiblemente vía telefónica ou presencialmente con cita previa cumprindo as medidas de protección.



## *Celebracións*

En principio non se celebrará ningún acto que supoña a participación de todo o centro e das familias.



# PLAN DE CONTENCIÓN

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID19, ou en período de corentena domiciliaria.

Diante dun alumno/a con síntomas compatibles: levarase a aula de illamento, cunha máscara cirúrxica e contactarase co SERGAS e coa familia.

A coordinadora do equipo COVID 19 contactará coas autoridades sanitarias que darán as recomendacións e pautas a seguir.





É RESPONSABILIDADE DE TODA A  
COMUNIDADE EDUCATIVA CUMPRIR  
CON ESTE PROTOCOLO.

*CEIP San Miguel de Reinante*

